

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 24 DE MAIO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Consello Galego de Colexios de Economistas.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada PO-546 entre os pp.qq. 0+000 e 0+590, (paso superior do FFCC Pontevedra - Porto de Marín), a prol do Concello de Pontevedra.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pantón para a execución da actuación para a Captación, depósito e abastecemento á parroquia de Tribás. Pantón (Lugo), por un importe de trescentos trinta e sete mil cen euros (337.100,00 €).

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio específico entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, o Concello de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial Adif-Alta Velocidad, para a execución dunha pasarela peonil urbana sobre a praia de vías da estación de ferrocarril, co fin de conectar dita estación coa nova estación de autobuses e mellorar a permeabilidade transversal da cidade conectando os barrios do Ensanche e Pontepedriña, no ámbito da futura estación intermodal de Santiago de Compostela, por importe total de cinco millóns novecentos dez mil euros (5.910.000,00€), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2018 e a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Importe total: dez millóns novecentos mil euros (10.900.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza eximir os organismos de investigación de Galicia, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a creación e posta en marcha de unidades mixtas de investigación aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 por importe de cinco millóns de euros (5.000.000,00€).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a constitución do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Santísimo Cristo del Amor, polo importe máximo de cento vinte e un mil trinta e catro euros con dezaseis céntimos (121.034,16€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer—aspase para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Amencer e ao centro de educación especial Princesa Letizia, polo importe máximo de cento doce mil vinte e dous euros con catro céntimos (112.022,04€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Aspace, polo importe máximo de oitenta e catro mil douscentos cincuenta e catro euros con oitenta e seis céntimos (84.254,86€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Aspanaex, polo importe máximo de trinta e tres mil oitocentos once euros con oitenta e oito céntimos (33.811,88€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Pro Personas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Ntra. Sra. de Lourdes, polo importe máximo de sesenta e tres mil trescentos sesenta e catro euros con setenta e catro céntimos (63.364,74€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Ilustre Mestre, polo importe máximo de vinte e cinco mil trinta e seis euros con noventa e oito céntimos (25.036,98€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial BATA – Os Mecos, polo importe máximo de dez mil novecentos setenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (10.974,64€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Especial de Emprego sen Ánimo de Lucro ASCM— Ferrolterra, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado, asociado á entidade, a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e catro mil trinta e cinco euros con vinte céntimos (44.035,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e I-LAB Centro Especial de Emprego, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de trinta e dous mil novecentos cincuenta euros con oito céntimos (32.950,08€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BS A Esperanza do Val Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Juan María, polo importe máximo de corenta e sete mil douscentos sesenta e dous euros con trinta e dous céntimos (47.262,32€).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacinas hexavalente e contra o virus do papiloma humano (VPH), derivado do Acordo marco do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, por un importe de catro millóns noventa e cinco mil cento catro euros (4.095.104,00€) e un valor estimado de cinco millóns novecentos seis mil catrocentos euros (5.906.400,00€).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollidoano artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a confederacións, federacións e ás entidades de iniciativa social, non asociadas nin federadas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019. Total: un millón quince mil cento cincuenta e oito euros (1.015.158,00€).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o inicio da tramitación da Orde da Consellería de Sanidade pola que se regula a composición e o réxime de funcionamento dos consellos asesores de pacientes.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE ECONOMISTAS**

- *Establece que os colexios de economistas da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra se integrarán no Consello Galego de Colexios de Economistas*
- *O decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*
- *O número de colexiados na actualidade ascende a preto de 5.000*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, o proxecto de decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Galego de Economistas, que engloba preto de 5.000 colexiados e que está integrado polos colexios de Economistas da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. O texto chega despois de que a Lei 11/2016, do 19 de xullo, procedese á fusión dos colexios de titulares mercantís e dos colexios de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A aprobación dos estatutos dos consellos galegos de colexios profesionais con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle ao Consello da Xunta, a través de decreto. Os estatutos foron elaborados polos colexios profesionais que integran o Consello, aprobados por acordo das xuntas de goberno, e ratificados polas xuntas xerais de cada colexio.

O Consello Galego de Economistas terá entre as súas finalidades a coordinación dos colexios profesionais que o integren e a representación da profesión no ámbito territorial da nosa comunidade, defendendo e protexendo os intereses profesionais dos economistas no ámbito territorial da súa competencia.

Os estatutos foron presentados ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a súa aprobación, co fin de adaptarse á nova estrutura colexial derivada da referida fusión. Incorporan as modificacións aprobadas con motivo da adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (Lei Omnibus estatal); a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE (Lei Omnibus galega), que modifica a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que introduce cambios na regulación dos colexios profesionais.

O decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE PONTEVEDRA DO TREITO DA ESTRADA PO-546, ENTRE O SEU INICIO E O PASO SUPERIOR DA LIÑA DO FERROCARRIL PONTEVEDRA-PORTO DE MARÍN

- *Este treito percorre o seu termo municipal e está integrado no tecido urbano*
- *O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta e proposta da consellería competente en materia de estradas*
- *Coa transferencia, o concello será o responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características, pois xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*


O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia ao Concello de Pontevedra da estrada PO-546, no treito que percorre o seu termo municipal, comprendido entre o seu inicio e o paso superior da liña do Ferrocarril Pontevedra - Porto de Marín (p.q. 0 + 590).

No treito obxecto do cambio de titularidade a estrada autonómica está integrada no tecido urbano, as súas marxes están acoutados polas edificacións e existen múltiples accesos a rúas municipais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Pontevedra será o responsable da conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de modo acorde coas súas características, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como, por exemplo, as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou nos accesos.

O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O procedemento establecido nesta lei permitiu axilizar este tipo de expedientes, que son beneficiosos para a Xunta, ao non ter que explotar unha vía que deixou de ter funcionalidade como percorrido interurbano, e para o Concello, xa que libera os cidadáns das cargas administrativas que supón a súa consideración como estrada de titularidade autonómica.





## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ACORDO ACADADO ENTRE SINDICATOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA E GOBERNO GALEGO

- *O documento recolle a mellora das condicións de traballo do persoal, así como tamén un plan de recuperación do traballo tras a folga*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo acadado e ratificado onte mesmo, 23 de maio, entre o Goberno galego e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO. para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

No documento recóllense diversas vantaxes. A nivel salarial, supón un incremento do complemento autonómico de entre 122 euros e 135 en función do corpo (xestores, tramitadores ou auxiliares). A suba, que se producirá progresivamente en tres anos, empezará a reflectirse nas nóminas do persoal no mes de xuño, aínda que terá efectos retroactivos con respecto a maio. Ademais, inclúese unha cláusula de revisión para garantir que os traballadores da Administración de xustiza en Galicia se sitúan por riba da media dos territorios coa competencia transferida.

A maiores, tamén se inclúen outros puntos como a ampliación dos permisos por maternidade e paternidade, a consolidación das prazas de reforzo de máis de tres anos de duración, ou melloras nos xulgados de violencia de xénero.

O acordo recolle tamén a necesidade de poñer en marcha un plan de recuperación do traballo perdido durante a folga. A Xunta xa comezou os contactos para elaborar esta folla de ruta: esta mesma semana reuníase no seo da comisión mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e tamén cos sindicatos na comisión de seguimento do acordo asinado. Está previsto manter máis contactos co resto de actores implicados.

## **MEDIO AMBIENTE DESTINA CASE 340.000 EUROS PARA DOTAR DE SERVIZO DE ABASTECIMENTO A PARROQUIA DE TRIBÁS NO CONCELLO DE PANTÓN**

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración para a execución das obras, que se poderán licitar tras a consecución da documentación municipal*
- *As obras teñen por finalidade dar un servizo de abastecemento aos núcleos da Porta, Tribás, Albaredo e O Fontao, que na actualidade carecen deste servizo*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá acordou autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Pantón para a execución da actuación para a captación, depósito e abastecemento á parroquia de Tribás, por un importe de case 340.000 euros (337.100 €).

As obras teñen por finalidade dar servizo de abastecemento a varios núcleos da parroquia de Tribás, que actualmente carecen deste servizo e, polo tanto, dun control sanitario axeitado.

No caso concreto da parroquia de Tribás, esta zona carece de rede de abastecemento municipal e no seu lugar existen servizos individuais a base de pozos e captacións en mananciais executados en propiedades particulares, que non contan con control sanitario ningún.

Para acadar estes obxectivos prevese a execución dunha captación de auga a través dun pozo de barrena, un depósito de auga duns 25 m<sup>3</sup> e unha rede de abastecemento que conduza a auga ata os núcleos da Porta, Tribás, Albaredo e O Fontao. Esta rede de abastecemento contará cunha lonxitude total de 1.200 metros.

Augas de Galicia asumirá o 100% do custo das obras, polo que tras a aprobación do convenio no Consello da Xunta e da consecución de toda a documentación municipal poderán licitarse a través do *Diario Oficial de Galicia*.

Con esta actuación, o Goberno galego dá resposta a tres obxectivos: garantir a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e cumprimento da Directiva marco da auga, colaborar coas entidades locais para mellorar a rede de abastecemento secundaria e garantir o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización das obras de infraestrutura necesaria, velando así mesmo polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro.

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS PARA COFINANCIAR A PASARELA QUE CONECTARÁ AS TERMINAIS DE FERROCARRIL E AUTOBÚS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO**

- *Esta achega súmase aos 10,4 millóns de euros cos que a Administración autonómica financiará a construción da nova estación de autobuses, cuxas obras comezarán en verán*
- *Ambos os elementos, pasarela e terminal de autobuses, forman a primeira fase da estación intermodal de Santiago*
- *A pasarela peonil transcorrerá desde a rúa do Hórreo ata a avenida de Clara Campoamor, pasando sobre a praia de vías da terminal*
- *Ademais de comunicar as terminais de autobuses e tren, tamén conectará os barrios do Ensanche e Pontepedriña co obxectivo de facilitar os desprazamentos dos usuarios dos dous modos de transporte e dos cidadáns*
- *A Xunta executará a pasarela e financiará un 30% do importe, o mesmo que o Concello de Santiago, e Adif redactará e aprobará o proxecto e financiará o 40 %*
- *Na segunda fase do proxecto, o Ministerio de Fomento completará a reforma da estación de ferrocarril, cun investimento total de máis de 41 millóns de euros*
- *Descoñécese polo momento a fórmula escollida polo Concello de Santiago para cumprir o seu compromiso de executar os accesos axeitados á estación intermodal, a pesar das reiteradas solicitudes da Xunta*
- *Mentres se constrúe a nova terminal de autobuses de Santiago, a Xunta definirá o futuro da actual estación, que se dedicará a usos administrativos mediante a súa integración na Cidade de San Caetano*

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio entre o Goberno galego, o Concello de Santiago e Adif para a execución dunha pasarela peonil sobre a praia de vías da estación de ferrocarril para conectala coa nova terminal de autobuses, cun orzamento de case 6 millóns de euros, dos cales a Xunta achegará 1,8 millóns de euros.

Este investimento sumarase ao que será preciso para custear a construción da nova terminal de autobuses integrada na de ferrocarril, que a Xunta empezará a executar o vindeiro mes e que suporá un investimento de 10,4 millóns de euros. Desta forma, a achega da Xunta á intermodal de Santiago superará os 12 millóns de euros.

Esta actuación está enmarcada na primeira fase do proxecto da estación intermodal de Santiago, que tamén inclúe a nova terminal de autobuses. A pasarela, ademais de comunicar as estacións de autobús e de ferrocarril, conectará os barrios do Ensanche e Pontepedriña para facilitar os desprazamentos dos usuarios dos dous modos de transporte e dos cidadáns.

No que se refire aos compromisos establecidos, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda executará as obras da pasarela e financiará un 30 % do importe de adxudicación e das asistencias técnicas necesarias mediante o investimento de case 1,8 millóns de euros, que estará cofinanciando nun 80% a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O Concello de Santiago financiará outro 30 % do importe de adxudicación e das asistencias técnicas necesarias para o proxecto e poñerá á disposición os terreos precisos. Unha vez rematadas as obras, a Administración local asumirá a súa titularidade, conservación e mantemento.

A Adif correspóndenlle a redacción, supervisión e aprobación do proxecto de construción da pasarela, así como o financiamento dun 40 % do importe total. Tamén colaborará nos traballos de posibles servizos afectados sobre catenaria, permisos e posta á disposición de terreos e voos necesarios.

Cómpre lembrar que o desenvolvemento da estación intermodal é posible tras a aprobación pola Xunta de Galicia do proxecto a nivel urbanístico a través da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese público, o que permitiu evitar as demoras que suporía a aprobación dun plan especial por parte do Concello.

Na segunda fase do proxecto, o Ministerio de Fomento completará a reforma da estación de ferrocarril, chegando o investimento total previsto a máis de 41 millóns de euros.

### **Características**

A estación de autobuses intermodal de Santiago, cun orzamento de 10,4 millóns de euros, consistirá na execución dunha nova terminal de autobuses integrada na de ferrocarril, o que suporá unha importante mellora da mobilidade dos cidadáns, facilitando o intercambio entre as distintas formas de transporte público.

Mentres se constrúe a nova terminal de autobuses de Santiago, a Xunta definirá o futuro da actual estación, que se dedicará a usos administrativos mediante a súa integración na Cidade de San Caetano.

A actuación prevé a construción dun edificio de dous andares, situándose no inferior as dársenas e as vías de circulación e manobra de vehículos, e no superior os servizos de atención aos viaxeiros.

O proxecto terá unha superficie total de máis de 13.000 m<sup>2</sup> e un total de 36 dársenas. Ademais, habilitarase un espazo para a implantación dun futuro aparcadoiro nunha área de servizos de autobuses.

Descoñécese polo momento a fórmula escollida polo Concello de Santiago para cumprir o seu compromiso de executar os accesos axeitados á estación intermodal, a pesar das reiteradas solicitudes de información por parte da Xunta.



## A XUNTA REFORZA OS PROGRAMAS INTEGRADOS AO AUMENTAR O INVESTIMENTO ATA OS 10,9M€ PARA BENEFICIAR A 4.300 DESEMPREGADOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria incrementa o orzamento desta iniciativa, dirixida a concellos e entidades sen ánimo de lucro, nun 15% con respecto á convocatoria anterior*
- *Desenvolveranse a partir de setembro 43 programas para mellorar as oportunidades laborais das persoas sen emprego a través da especialización e a posta en marcha de medidas que combinan orientación e asesoramento con formación e prácticas*
- *Como novidade este ano darase prioridade aos Concellos Emprendedores e, ao igual que na pasada edición, resérvanse 2M€ para iniciativas destinadas especificamente a mulleres, a través de Emprega en Feminino*
- *Os beneficiarios destes apoios recibirán 2500 euros por cada persoa participante no programa, o que supón un aumento do 4%*
- *A actuación enmárcase na Axenda 20 coa que o Goberno galego está a impulsar o emprego estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de, polo menos, 80.000 novos postos de traballo*

A Xunta porá en marcha a partir de setembro 43 programas integrados de emprego promovidos por concellos e por entidades sen ánimo de lucro nos que se prevé que participen 4300 persoas desempregadas co obxectivo de que poidan incrementar as súas oportunidades laborais a través de actuacións encamiñadas á especialización e ao desenvolvemento de medidas que combinen orientación e asesoramento con formación e prácticas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria reforza este ano esta iniciativa, que vai dirixida á Administración local e ás entidades sen ánimo de lucro, aumentando nun 15% o orzamento, polo que investirá un total de 10,9 millóns de euros entre 2018 e 2019 para aumentar o apoio que cada entidade percibe. Así, os beneficiarios destas axudas recibirán 2500 euros por cada persoa participante no programa, o que supón un 4% máis con respecto a edicións anteriores.

Coa iniciativa, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o próximo mes de xuño, priorizarán por primeira vez os *Concellos Emprendedores*, os que forman parte do convenio que a Xunta asinou coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para impulsar en Galicia o desenvolvemento de novos proxectos industriais. En global, o Goberno galego dará prioridade este ano aos Concellos Emprendedores en axudas que suman máis de 80 millóns de euros: ademais dos programas integrados, os obradoiros de emprego, Aprod Rural e contratación de axentes locais de emprego; parques empresariais, viveiros industriais e biomasa e apoios aos mercados excelentes e espazos activos de emprendemento.

Así mesmo, e ao igual que na pasada edición, resérvase orzamento para o desenvolvemento de plans específicos para as mulleres. En concreto, destínanse dous millóns de euros a esta actuación, un 18,3% do total, para seguir desenvolvendo unha das medidas do plan Emprega en Feminino, a folla de ruta do Goberno galego para impulsar a inserción das mulleres no mercado de traballo.

Nesta convocatoria tamén se continuarán primando aqueles proxectos en que se implique o tecido empresarial de cada zona, co obxectivo de que os programas se centren nas demandas laborais de cada comarca, e a aqueles plans de xestión compartida para incentivar os procesos de fusión municipal.

Os programas integrados de emprego, que teñen un ano de duración, están enfocados a mellorar a ocupación dos desempregados establecendo como obxectivo a inserción laboral dun mínimo do 35% dos seus participantes, é dicir, máis de 1500. Cada plan integrado inclúe accións personalizadas de diversa natureza -como información, orientación, asesoramento e formación- combinadas con prácticas laborais.

### **Máis oportunidades laborais**

A actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o traballo estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de, polo menos, 80.000 novos postos de traballo.

O Goberno galego, a través desta folla de ruta, vén activando ao longo deste ano diversos programas e axudas enfocados a ampliar as oportunidades laborais dos galegos e galegas, como son os cursos de formación para desempregados, Formación á porta ou os obradoiros duais de emprego, que se activan este ano por primeira vez e que combinan un contrato de formación e aprendizaxe durante 9 meses e a contratación en prácticas de, como mínimo, tres meses máis nunha empresa localizada no ámbito territorial onde teña lugar o obradoiro, e sempre que o traballo estea vinculado coas materias que se impartan no programa.

Con este tipo de actuacións, o Goberno galego contribúe a reducir as cifras do desemprego en Galicia. No último ano, o paro rexistrado caeu nun 10,92%, a maior caída de toda a serie histórica, desde 1996, o que supón que na actualidade haxa 22.338 persoas menos en situación de desemprego que en abril de 2017. Á baixada do paro engádense o incremento nas afiliacións á Seguridade Social, que suman 24.948 máis, un crecemento do 2,59%, o maior desde 2007, cunha media de 70 ao día. Ademais, os contratos indefinidos aumentaron nun 32,43%, case cuaduplicando o ritmo de subida dos temporais. A contratación a tempo completo tamén experimentou un incremento do 10,83%, é dicir, 4.975 contratos máis.

## A XUNTA IMPULSARÁ 7 NOVAS UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN E 5 DE CONSOLIDACIÓN QUE MOBILIZARÁN 27M€ PARA QUE O TALENTO E A CIENCIA SAIAN DO LABORATORIO E SE INSTALEN NA INDUSTRIA

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicará en xuño a convocatoria para a creación e consolidación de UMI que permitirán crear ou manter cen postos de traballo*
- *Como novidade, nas de nova creación valorarase, especialmente, o tratamento que a proposta realice a favor da igualdade de xénero*
- *Trátase da quinta convocatoria deste programa pioneiro que permite avanzar na implantación en Galicia dun novo modelo industrial que proporciona emprego de calidade, crecemento económico e maior competitividade a través da colaboración público-privada*
- *Ao remate desta nova edición, o programa terá favorecido que Galicia desenvolva 33 UMI -das que nove foron consolidadas- cunha mobilización de 121 millóns de euros e a creación ou mantemento de 550 empregos*
- *As unidades mixtas de investigación son un dos instrumentos que recolle o Plan Galicia Innova 2020 co obxectivo de facer de Galicia un ecosistema innovador atractivo para investir*

O Consello da Xunta de Galicia avaliou hoxe a nova convocatoria do programa de unidades mixtas de investigación (UMI) que posibilitarán impulsar 12 iniciativas que mobilizarán 27 millóns de euros e favorecerán a creación ou mantemento dun centenar de postos de traballo cualificados, contribuíndo a que o talento e a ciencia saian do laboratorio e se instalen na industria.

En concreto, está previsto que a Consellería de Economía, Emprego e Industria publique no mes de xuño ambas as dúas liñas. Trátase dunha de creación e posta en marcha de novas UMI e outra de consolidación.

A de creación está dotada con 5M€ e agárdase apoiar 7 novas iniciativas que mobilizarán ao redor de 17 millóns de euros e darán emprego a 60 persoas. Poderán presentarse, para cada proposta, un único organismo de investigación de Galicia e unha única empresa -dúas de xeito excepcional, se son do mesmo grupo-. Entre os criterios de valoración terase en conta a calidade científico-técnica das propostas, a súa consonancia cos retos contidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS 3), a avaliación dos integrantes ou os impactos tecnolóxicos e socioeconómicos, entre outros. Ademais, como novidade, valorarase especialmente o tratamento que a proposta faga pola igualdade de xénero e, en caso de empate, decidirse en favor da que teña implantado un plan de igualdade.

Mentres que na de consolidación espérase chegar a cinco das UMI creadas ao abeiro das convocatorias dos anos 2014 e 2015 cunha dotación de 3 millóns de euros. Mobilizarán ao redor de 10 millóns e permitirán crear ou manter 40 postos de traballo. Entre os criterios de valoración destacan a calidade científico técnica da proposta, os resultados acadados, a internacionalización dos resultados, a detección de oportunidades de negocio ou a colaboración científico-técnica con pemes galegas, entre outros criterios.

Trátase da quinta edición desta iniciativa da Xunta que foi pioneira no seu día e que, xunto coas outras catro edicións, permitirá apoiar 42 proxectos -33 de nova creación e 9 de consolidación, principalmente de sectores como a automoción, a alimentación, o naval, a saúde ou a enerxía-, mobilizar 121 millóns de euros e crear ou manter 550 postos de traballo cualificados, o que favorecerá avanzar na implantación en Galicia dun novo modelo industrial que proporcionou emprego de calidade, crecemento económico e unha maior competitividade.

As unidades mixtas de investigación enmárcanse na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) co obxectivo de facer da Comunidade un ecosistema de innovación atractivo para investir e un territorio de referencia para acelerar a xeración de solucións innovadoras que transformen os retos a que se enfrontan as empresas, principalmente as pemes, e a sociedade galega en novos produtos, servizos ou modelos de negocio que xeren crecemento, emprego e novas iniciativas empresariais en Galicia.

O novo Plan Galicia Innova 2020 ten articulado medidas coma esta das unidades mixtas de investigación ,unha fórmula de colaboración público-privada, para espertar, motivar e incentivar o proceso innovador na empresa galega, promovendo un ecosistema de innovación aberto, en rede e colaborativo que acelere a innovación, apostando pola colaboración entre empresas e axentes científico-tecnolóxicos para dar resposta aos desafíos socioeconómicos do futuro a través da innovación. Ademais, contribúe a facer de Galicia un lugar atractivo onde investir: ata agora, nas catro edicións das UMI, participaron unha trintena de empresas e 13 centros de coñecemento.

**A XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO, QUE IMPULSARÁ A COOPERACIÓN ORGANIZATIVA, ECONÓMICA, TÉCNICA E ADMINISTRATIVA DO SUG**

- *O denominado CISUG aglutinará tres organismos: Bugalicia, CIUG e o Consorcio de desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria*
- *O novo órgano, en que participa a Xunta cun 10% e as tres universidades cun 30% cada unha, estará adscrito á Universidade de Santiago de Compostela*
- *O obxectivo do ente é favorecer a colaboración para acadar unha maior calidade, eficiencia e eficacia no Sistema universitario de Galicia*

O Consello da Xunta acaba de darlle o visto e prace á creación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), un órgano novo que impulsará a cooperación das tres institucións universitarias en materia organizativa, económica, técnica e administrativa co obxectivo de acadar unha maior calidade e eficiencia no Sistema universitario de Galicia (SUG). De feito, xestionar elementos dunha forma integrada suporá un aforro de custos, fomentará a colaboración e proporcionará unha maior transparencia e información rápida e con eficacia ao SUG.

Cómpre destacar que o CISUG terá personalidade xurídica e estará adscrito á Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, nel estarán representados a Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo). Cada institución académica terá un 30% de representación, mentres que o Goberno galego terá o 10%, dado que o órgano está circunscrito a materias de ámbito competencial propio das universidades.

A nova entidade integrará tres organismos que xestionan asuntos de relevancia para a totalidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), como son o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (CIXUG), o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) e a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG). Neste sentido, e co fin de favorecer a colaboración e a xestión interna do sistema, estes tres entes pasarán a formar parte do CISUG.

En todo caso, e co obxectivo de levar a cabo a dita integración, prevese a constitución -no prazo dun mes desde a sinatura do convenio- dunha comisión que determinará os elementos económicos, materiais, organizativos e de persoal necesarios para a posta en marcha do novo ente, as achegas das partes e aprobar os procedementos de disolución que sexan necesarios.

Tras pasar polo Consello Galego de Universidades a finais do ano pasado, tan só resta asinar o convenio de constitución para poñer en marcha o CISUG.



### **Ámbitos de colaboración**

As diferentes partes que conforman o órgano colaborarán, entre outras accións, á hora de establecer os procedementos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais e de admisión de alumnado ás universidades do SUG. Así mesmo, acordarán as accións necesarias no caso de titulacións que sexan impartidas de xeito conxunto por máis dunha institución.

Tamén desenvolverán proxectos colaborativos de calquera tipo que redunden nunha maior eficiencia, eficacia ou consecución de fins de interese común do sistema. Así mesmo, adquirirase, de xeito centralizado, ferramentas informáticas, material científico, bibliográfico, ou calquera outra subministración ou servizo que comporte aforros para o conxunto do SUG, cuestión en que traballaba Bugalicia.

### **Achega de 2,5 millóns este 2018**

Por outro lado, as partes aprobarán e realizarán achegas económicas para o funcionamento e as actuacións do órgano, ben en diñeiro, en especie, ou ben en compromisos de actuacións, avaliábel economicamente no momento en que se aprobe cada orzamento anual do Consorcio.

Neste sentido, a contía destinada para a planificación do exercicio fixarase anualmente. Para este 2018, a Xunta –a través de Educación, da Consellería de Economía e da Amtega, como se viña facendo ata o momento para as funcións que agora asume o CISUG– achegará máis de 2,5 millóns de euros, unha cantidade que se prevé manter nos exercicios vindeiros.

### **Órganos de goberno do CISUG**

O CISUG estará rexido por cinco órganos de goberno. En primeiro lugar, a xunta de goberno, máxima autoridade dentro do ente, composto por tres representantes de cada unha das universidades e dous da Xunta de Galicia. A presidencia será exercida de forma rotatoria por un representante dunha universidade cada catro anos. A secretaría estará constituída por un dos membros da xunta de goberno e tamén terá carácter rotatorio, o consello de dirección adoptará as decisións ordinarias de funcionamento e elevará as propostas de actuación á xunta de goberno, mentres que, por último, haberá comisións de goberno para cada unha das grandes áreas do CISUG, sometidas á coordinación e dirección dos anteriores.

A xunta de goberno reunirse, polo menos, dúas veces por ano, e adoptará os seus acordos por maioría cualificada de dous terzos, aínda que se fai unha reserva á unanimidade para a adopción de acordos sobre a modificación dos estatutos, acordo de disolución ou separación, incorporación de novas funcións, réxime de goberno, orzamento, planificación anual de actividades e a organización do persoal.

Así mesmo, contará cunha xerencia, cuxo titular será nomeado pola xunta de goberno, para a xestión ordinaria do consorcio, e dúas direccións de áreas, especializadas en sectores de actuación concretos.

## **EDUCACIÓN ASINARÁ CONVENIOS CON 10 ENTIDADES PARA FACILITAR O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO A ALUMNOS CON DISCAPACIDADES**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á colaboración con asociacións especializadas na atención a estas persoas*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai asinar convenios de colaboración con 10 entidades de atención a persoas con discapacidade para facilitar o vindeiro curso 2018/19 o servizo de transporte escolar adaptado a 195 alumnas e alumnos. así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que deu luz verde tamén a destinar 574.746,90 euros ao conxunto destes acordos.

Ao abeiro dos convenios, as devanditas asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos. O servizo contará co apoio de 41 auxiliares.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer—Aspace, co Centro Especial de Empleo sen ánimo de lucro ASCM—Ferrolterra, S.L., coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), con I-LAB Centro Especial de Empleo e coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor.

Ao longo das vindeiras semanas asinaranse acordos con outras entidades coa mesma finalidade, así como para a prestación do servizo de comedor escolar adaptado.

### **Maior inclusión**

Os escolares que reciben este apoio presentan distintos tipos de discapacidades, polas que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten, ademais do transporte escolar, o comedor escolar, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

## **SANIDADE DESTINA MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS Á ADQUISICIÓN DE VACINAS HEXAVALENTES E CONTRA O VIRUS DO PAPILOMA HUMANO**

- *Esta compra asegura a continuidade e estabilidade dos programas galegos de vacinacións, que teñen feito desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia*
- *O 97% da poboación menor dun ano e o 99% dos menores de 3 anos están vacinados no marco do Programa galego de vacinación infantil*

O Consello da Xunta autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacina hexavalente e contra o virus do papiloma humano para o Programa galego de vacinacións en nenos e persoas adultas da nosa Comunidade Autónoma. O orzamento total de licitación é de 4.095.104,00 € (IVE incluído). Esta compra realizarase coas empresas que resultaron adxudicatarias e que formalizaron o Acordo marco de selección do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Trátase da adquisición da subministración sucesivo da vacina hexavalente (difteria, tétano, tose ferina, poliomielite, Haemophilus influenzae b e hepatite B), incluída no calendario vacinal infantil en tres doses administradas aos 2, 4 e 6 meses de idade. E tamén da vacina contra o virus do papiloma humano, tamén incluída no calendario unicamente para rapazas aos 12 anos de idade en dúas doses. Por outra banda, a vacina fronte ao VPH tamén está incluída no calendario de vacinación de adultos e indícase, entre outras, a todas as mulleres nadas a partir do 1994 que non fosen vacinadas previamente.

Esta compra asegura a continuidade e estabilidade dos programas galegos de vacinacións, que teñen feito desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia como o sarampelo, a poliomielite, a difteria, así como manter en niveis moi baixos outras enfermidades como o tétano, a hepatite B, e moitos tipos de meninxite, etc.

Os programas de vacinación constitúen unha das medidas máis eficaces e de mellor relación custo-beneficio de todas as actuacións sanitarias. As cifras de coberturas vacinais ratifican que esta actuación é a actividade sanitaria que máis achegas fai a mellora da saúde da nosa poboación.

### **Cobertura vacinais**

As coberturas acadadas en Galicia co Programa galego de vacinación infantil son moi altas segundo os últimos datos publicados en 2016. Preto do 97% da poboación menor dun ano e nos menores de 3 anos chega ao 99%. Isto reflicte a ampla aceptación da vacinación pola sociedade galega e tamén dos profesionais sanitarios que as recomendan e administran.



O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou o Consello da Xunta que os datos máis actuais e outros puntos relacionados cos programas galegos van ser analizados e discutidos nas XXI Xornadas Galegas de Vacinación que se van celebrar a finais deste mes e principios de xuño distribuídas por toda Galicia.

Entre outros datos, Almuiña avanzou que a Dirección Xeral de Saúde Pública continúa traballando no aumento da cobertura coa segunda dose fronte ao sarampelo para contribuír ao obxectivo mundial da súa eliminación así como a do virus do papiloma humano (VPH) entre as adolescentes galegas para o que xa se adoptaron medidas como adiantar a idade de administración a idades pediátricas (12 anos), en vigor desde o 1 de xaneiro de 2016, que xa nos permiten ver o aumento nas súas coberturas.

## A XUNTA IMPULSA A INSERCIÓN SOCIO LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE CO APOIO A PROXECTOS DE ADQUISICIÓN DE HABILIDADES PRELABORAIS

- *A Consellería de Política Social pon en marcha a convocatoria de subvencións dirixidas ás confederacións, federacións e entidades de iniciativa social para o financiamento de actividades de asesoramento e formación nos anos 2018 e 2019*
- *Como novidade, incorpórase o apoio a necesidades educativas especiais derivadas da discapacidade, suprimindo o requisito establecido nas anteriores convocatorias, que limitaba a idade de participación nos proxectos a maiores de 16 anos*
- *A orde está dotada con máis dun millón de euros e cofinanciada polo Fondo Social Europeo*

A Xunta de Galicia impulsará a inserción socio laboral das persoas con discapacidade a través dunha nova convocatoria de subvencións destinadas ás confederacións, federacións e entidades de iniciativa social de atención á discapacidade para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento, formación e adquisición de habilidades prelaborais que se desenvolvan entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2019. O Consello autorizou o investimento necesario para esta medida, que será de máis dun millón de euros.

O obxectivo é impulsar os procesos de integración social e contribuír á mellora da empregabilidade mediante a adquisición de habilidades e capacidades prelaborais das persoas cun nivel de discapacidade igual ou superior ao 33%. Como principal novidade, esta convocatoria procurará achegar as axudas a un maior número de persoas flexibilizando así o requisito de acceso con respecto á anterior convocatoria, que limitaba o acceso á idade de participación nos proxectos ás persoas maiores de 16 anos.

Ademais, amplíanse as actuacións subvencionables incluíndo proxectos para a implementación de apoios a necesidades educativas especiais derivadas da discapacidade e redúcense as ratios de accións grupais de profesionais-alumnos, co fin de facilitar o desenvolvemento dos traballos por parte das distintas entidades. Cómpre destacar tamén que se incentivará a vinculación destas actividades co medio rural, de xeito que contribúa ao mantemento do asentamento da poboación, así como a unha maior visualización e valoración do contorno.

A convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, estará cofinanciada polo Fondo Social Europeo, do programa operativo de Galicia 2014-2020. O crédito inicial previsto é de 1.015.158 euros, do que o FSE achegará o 80% e a Xunta o 20%.

Esta iniciativa enmárcase na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 (Esgadi), concretamente na liña estratéxica de formación e emprego, e incorpora de maneira transversal a perspectiva de xénero. Así mesmo, está aliñada cos eixos da empregabilidade e crecemento intelixente e do benestar das persoas e as familias e cohesión social do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

## SETE CONSELLOS ASESORES DE PACIENTES CONSOLIDARÁN A PARTICIPACIÓN NAS ÁREAS SANITARIAS

- *Por primeira vez dáse soporte legal e formalízase especificamente a creación deste tipo de órganos consultivos en cada unha das sete áreas sanitarias*
- *Permitirán unha representación máis próxima e realista ao canalizar a participación dos pacientes e das súas familias*
- *Os consellos contarán con representantes propostos por cada unha das asociacións de pacientes dese ámbito territorial*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou o Consello da Xunta do inicio da tramitación por parte do seu departamento do proxecto de orde que regula a composición e o réxime de funcionamento dos consellos asesores de pacientes de área previstos na modificación de Le de Saúde. Almuiña destacou que esta orde consolida o compromiso de maior participación social no ámbito sanitario do Goberno da Xunta de Galicia e sinalou que “multiplicamos por sete a participación dos pacientes no Sergas”, que ata o de agora só contaban cun órgano asesor de nivel autonómico.

Créanse por primeira vez con amparo legal estes órganos consultivos de área e, ao mesmo tempo, formalízase a súa composición e funcionamento coma órganos colexiados, consolidando a participación social en cada unha das sete áreas sanitarias: A Coruña e Cee; Santiago de Compostela e o Barbanza; Ferrol; Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras; Pontevedra e Salnés, e Vigo.

Os Consellos Asesores de Pacientes de Área canalizarán a participación dos pacientes e das súas familias, ou das persoas que os representen ou se responsabilicen do seu coidado. Teñen por finalidade a mellora da calidade da asistencia a través da percepción dos servizos sanitarios por parte dos pacientes, así como de informar e asesorar os órganos de xestión das áreas.

A participación social no ámbito sanitario é un dos principios reitores do sistema público de saúde ratificado na modificación realizada na Lei de Saúde (en vigor desde o pasado 30 de abril). Os pacientes, a través das súas asociacións poderán asesorar, entre outros temas, sobre a asistencia sanitaria, a prevención da enfermidade ou o deseño dos espazos para a mellora da accesibilidade.

### **Mellorar e participar en aspectos relacionados coa asistencia**

Entre as competencias dos consellos está asesorar sobre aspectos relacionados coa asistencia sanitaria, prevención de enfermidade ou mellora da saúde e autonomía persoal. Tamén nos contidos das guías de información dirixidas a pacientes, na mellora

da información da seguridade e no deseño de espazos dos centros sanitarios para a mellora da accesibilidade.

Os consellos asesores de pacientes de áreas poderán tamén realizar propostas que poidan contribuír á mellora da atención e coidado dos pacientes, e calquera outra que decidan de común acordo os seus responsables.

### **Composición dos Consellos**

Os Consellos Asesores de Pacientes de Área son órganos colexiados de carácter consultivo que se reunirán de forma ordinaria cada seis meses. Estarán integrados tanto por membros da estrutura directiva da área sanitaria como membros das asociacións de pacientes.

O presidente dos consellos de área será a persoa titular da xerencia de cada área sanitaria e a secretaría estará ocupada por unha persoa da xerencia desa área que teña condición de empregado público. Os vogais serán os titulares dos órganos unipersoais de dirección da área e os representantes propostos por cada unha das asociacións de pacientes de carácter sanitario que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial respectivo.

O texto do proxecto de orde estará accesible a partir de mañá no portal de transparencia da Xunta de Galicia. Sanidade estima en tres meses a efectiva posta en funcionamento destes consellos.